



INFORME DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD SOBRE COOPERANTES GALEGOS FALECIDOS NO EXTERIOR

José Ignacio Salgado. 2008

José Ignacio Salgado Blanco (Xixón, 1961) falece en Perú o 21 de setembro nun accidente de tráfico.

José Ignacio Salgado tiña 47 anos e era un veterano do mundo da cooperación, no que comezara xa en 1988; era veterinario e funcionario da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en situación de excedencia voluntaria.

Estivo en varios países (Bolivia, Chile, Honduras, Perú) traballando para AECI e ONGs españolas e alemás (Medicus Mundi, Solidaridad Internacional, Pastoral de Acción Diocesana de Bolivia, Cruz Vermella Alemana). Traballaba na actualidade nunha ONG alemá nun proxecto de cooperación de tipo agrario na rexión de San Martín, no Perú.

Casado cunha muller alemá, funcionaria da embaixada alemá no Perú, era pai de dous fillos.

Henrique Aller López. 1999

Henrique Aller López (Lalín, 1948). Tiña 51 anos cando faleceu nun accidente de tráfico o 6 de xuño de 1999 preto da localidade peruana de Jatipo, no Departamento de Junín, no centro do país.

Traballaba no proxecto da UE de apoio á repoboación *Desprazados pola violencia*, do que era codirector. Saíran de Ayacucho para ver a execución do proxecto na selva central peruana.

Licenciado en Dereito pola Univ. Complutense de Madrid. Foi avogado laboralista e colaborador dos sindicatos clandestinos na Transición. Foi un dos promotores do semanario Teima. Tiña o bufete primeiro en Santiago e despois na Coruña. A partires dos oitenta continuou a súa ruta solidaria, achegando saber xurídico na Nicaragua sandinista e despois en Bolivia, Palestina e finalmente en Perú, onde morreu.

Distinguido polo concello de Lalín o 28 de xaneiro de 2003. Anteriormente fora xa distinguido, a título póstumo, co premio *Voces del Año*, na sección de solidariedade, que outorga a Fundación Fernández Latorre.

Mercedes Arteché Prieto. 1999

Mercedes Arteché Prieto faleceu en Perú o 6 de xuño de 1999 no mesmo accidente no que perdeu a vida Henrique Aller, se ben traballaban en proxectos diferentes.

Era unha xoven bióloga coruñesa, colaboradora da ONG *Asociación de Amigos de las Mujeres Altoandinas* (Solidaridad Galicia-Ayacucho).

A súa familia reside na Coruña, e ten un irmán, Nacho Arteché, que é cooperante e que na actualidade está en Xerusalén (Palestina).



Manuel Cota Cabanillas. Desaparecido en 1998

Natural de Córdoba, viviu en Sarria (Lugo), onde seu pai era funcionario da RENFE. Enxeñeiro técnico Industrial e Funcionario da Xunta (técnico do Centro de Seguridade e Hixiene de Lugo, Consellería de Traballo), falece en Honduras en outubro de 1998 con motivo do furacán Mitch, sen que apareza o seu corpo.

Executaba en Tegucigalpa un proxecto do Ministerio de Trabajo español, enmarcado no Convenio de Cooperación Social entre a República de Honduras e o Reino de España, consistente en asesorar ao Instituto Nacional de Formación Profesional no “*desenvolvemento e prevención de riscos nos seus talleres e na integración da seguridade e saúde nos seus programas de formación profesional*”. Estaba por tanto en Honduras en Comisión Oficial de Servizos.